



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA DEZ DE FEBREIRO DO DOUS MIL CINCO.**

**ASISTENTES**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS**

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes, D. Rafael Luis Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, D<sup>a</sup>. María Rebeca Fernández Martínez, D<sup>a</sup>. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D<sup>a</sup>. Marta Pérez Lage, D<sup>a</sup>. Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

**SECRETARIA**

D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dez de febreiro do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á  
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 26 DE NOVEMBRO DO 2004.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaración que facer ao acta da sesión extraordinaria celebrada o día 26 de novembro do 2004, indicando o Concelleiro do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca, que o Sr. Alcalde dixo que no estudo económico previo das ordenanzas no caso de non producirse un alza superior ao IPC non é necesario, o Sr. Alcalde resposta que non se manifestou neses termos e que D. José Joaquín Gayoso Roca indique se ten algo que correxir ou aclarar do recollido das súas propias intervencións.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda prestar aprobación á dita acta.

**2º.- DACIÓN DE CONTA DE DESPEDIMENTO DE CONTRATADO  
LABORAL.**

Polo Sr. Alcalde expónse que o segundo despedimento nestes días, foi o de D. José Eugenio Rouco Yáñez, polo trascurso dos tres anos do seu contrato, xa que do contrario estaría-se a facer unha prórroga tácita do mesmo e o que se pretende pola Alcaldía e polo grupo de goberno é regularizar as contratacións de maneira que chegue o momento de que se fagan os trámites oportunos para provistalas regulamentariamente.

E o Pleno da Corporación acorda darse por informado.



**2.1.- DACIÓN DE CONTA DA INTERPOSICIÓN DE RECLAMACIÓNS PREVIAS DE CONTRATADOS LABORAIS E ESTIMACIÓN DESTAS ATA A PROVISIÓN REGULAMENTARIA.**

Polo Sr. Alcalde expone que as reclamacións previas á vía laboral se presentaron por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. José Méndez Rivera, da que se deu conta do seu despedimento na sesión extraordinaria celebrada o derradeiro día 26 de xaneiro e, por D. José Eugenio Rouco Yáñez, motivadas ambas as dúas, como xa lle consta a Corporación, polo transcurso dos tres anos do contrato, e lendo, a continuación, as razóns pola que os dous interpoñen estas reclamacións. Continúa dicindo que a ditos traballadores seranlles admitidas estas reclamacións e, polo tanto, procederáse á súa readmisión polas mesmas razóns que concorreron na do contratado laboral D. Jesús Cociña Ladra e que estas readmisións prodúcense en tanto non se provean estas prazas de forma regulamentaria, todo isto baseado na Xurisprudencia da Sala do Social do Tribunal Supremo nas sentencias nas que foron ponentes os Maxistrados Sr. Martínez Emperador, desgraciadamente asasinado por ETA e, a posterior, a do Sr. Desdentado Bonete, que determinou o mantemento destes contratados, en tanto non se provistaran regulamentariamente as prazas.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda:

PRIMEIRO.- Quedar informado da interposición de reclamacións previas dos contratados laborais, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Méndez Rivera e D. José Eugenio Rouco Yáñez, e da estimación destas e, polo conseguinte, a readmisión dos citados ata a provisión regulamentaria de ditas prazas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Persoal e Intervención municipais.

**3º.- PROPOSTA DE ACTUACIÓNS SOBRE O SERVIZO DE SALVAMENTO E CONTRA INCENDIOS COMARCAIS.**

Polo Sr. Alcalde expone que esta proposta se basea na decisión da Xunta de Galicia, de situar en Cervo o servizo de salvamento e contra incendios da Comarca da Mariña Occidental, e que, non obstante, non se clarifica se este vai xestionarse a través dun consorcio, ou directamente pola propia Xunta de Galicia. Lendo, a continuación, a proposta e indicando que comentou este asunto na Xunta de Voceiros do día 5 de febreiro, indicando as palabras do Sr. Conselleiro sobre este tema e a contestación que deu el mesmo, negándose a participar nese parque a construír en Cervo. Sinalando, a seguir, que todo isto o manifestou dentro do respecto que lle merece a persoa deste Conselleiro, puntualiza porque sempre tratou ben ao Concello de Viveiro, aínda que neste caso o grupo de goberno teña que manifestarlle a súa oposición a esta decisión concreta.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese, en primeiro lugar, a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, expoñendo que a postura do seu grupo é a mesma que mantivo na Xunta de Voceiros e, polo tanto, de acordo coa proposta do Sr. Alcalde excepto no último punto desta, xa que apoian a postura de que se demanden todas as



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

entrevistas e xestións para que ese Centro se constrúa en Viveiro, pero non a de adiantarse a manifestar a oposición en participar nun novo Consorcio, de constituirse este. A continuación, indica que respecto a que non se leven a cabo os acordos tomados anteriormente sobre este servizo, considera que é un pago polo mesmo, xa que hai outros moitos acordos que o actual grupo de goberno incumpríu.

A seguir, intervén o Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, que lembra que no ano 1999, acordouse a aprobación provisional dos Estatutos do Consorcio para a creación de servizos de salvamento e contra incendios forestais da Mariña Occidental e que no artigo 9 dos mesmos, fixébase a sede deste Centro en Celeiro. Sinala que posteriormente quixo integrarse o Concello de Burela pero poñendo como condición para a súa integración que a sede de dito Consorcio se fixara nese Concello. Posteriormente, nada se fixo, dí que de feito o Centro de Barreiros non funciona. Continúa coa súa exposición dicindo que no ano 2000, nunha carta ao Director Xeral de Administración Local, D. Alfonso de Prado, da instrucións para ultimar a tramitación deste Consorcio e o Alcalde, daquela, non fai nada, e o PP non fixo nada por unhas ou por outras razóns, e que agora danse unhas razóns técnicas para situalo en Cervo, pero esas razóns descoñécense, e pregúntase, a seguir, ¿cales son os motivos para este cambio? e, finalmente, manifesta que a base de salvamento: helipuerto e lancha, atópase en Celeiro e o que neste intre se está a tratar é da construción dun Parque contra incendios e salvamento en Cervo.

A continuación, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, manifesta que os pasos estaban dados, pero a triste realidade é que nos atopamos na provincia de Lugo e que con ou sen caciquismo estes son os resultados. Indicando que o Sr. Aja Mariño dí que se é para Cervo, el apoiará para Cervo, tendo que descartar a dúbida de onde se instalará porque esa cuestión xa está definida. Sinalando que pode ser que se trate de poñer en Cervo para aforrar postos de traballo a “Alcoa”.

Intervén o Sr. Alcalde por alusións do Voceiro do PP relativas a non respectar outros acordos de Pleno, e sinala que esta decisión da Xunta de Galicia obvia un paso democrático claro, que é o de explicar as razóns técnicas aos Concellos membros do Consorcio e se dí o asunto á prensa adoptándose unha decisión pola Xunta de Galicia sen convocar aos Alcaldes dos concellos integrantes dese Consorcio, e se pregunta, a seguir, ¿por que non nos vamos a pronunciar antes que ninguén sobre que non se vai a instalar aquí en Viveiro?. Lembrando que este Concello é o que ten unha maior poboación e, polo tanto, un risco máis elevado e non vai a participar nese Parque.

Nunha nova intervención, o Voceiro do PP, Sr. Aja Mariño, dí que a proposta da Alcaldía ten diversos puntos sobre os que o seu grupo se atopa de acordo e que unicamente non aceptan o último destes, e que o Parque se non se fixo foi por deixadez ou que sexa, sinalando que cre lembrar que o BNG votou en contra do Consorcio que non da ubicación, e que a postura do PP está moi clara e que sempre defenderon que se ubicara en Viveiro, pero posteriormente xa se verá onde se sitúa, aínda que agora non van a negar que se instale, polo que reservan o voto ata ese momento. Puntualizando, a seguir, que están convencidos de que o sitio ideal é Celeiro.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Intervén o Voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Guerreiro, por alusións, indicando que o seu grupo non se atopaba de acordo con que o PP levara en solitario este asunto, e insiste que dende o 21 de setembro do ano 2000, sendo Alcalde César Aja, non se fixo nada e que eles demandaron representación e negouselles, e que aquí o que cre que está en xogo é a privatización deses servizos e que desta maneira “Alcoa” aforrará custos económicos e postos de traballo, e que xa o BNG interrogou no Parlamento de Galicia sobre a xestión dos parques de incendios e que non se lle contestou; para, finalmente, afirmar que estes parques non van a funcionar se están privatizados e que en Viveiro se está en época de afrontar o problema, porque antes non se actuou e agora se rinden. Que se non é por intereses partidistas cre que os Concellos de Oulol e Vicedo seguirían apoiando a instalación do parque en Viveiro, e que o BNG no asunto da construción do Hospital da Costa defenderon a creación en Burela por razóns xeográficas, pero que cómpre ser coherentes nas decisións que se toman.

Finalmente, o Concelleiro de IU-EU, Sr. Expósito Mariño, dí que isto é unha instalación de pura de necesidade e que non xoga o partidismo e a demagogia, o que debería facer pensar a todos.

Antes de que se proceda a efectuar a votación, polo Sr. Alcalde se puntualiza que a proposta non ten parágrafos numerados polo que se vota en conxunto, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda prestar aprobación á dita proposta; o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, intervén para dicir que quere dar as grazas ao PP polo apoio a esta proposta, contestándolle o Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que o PP é consciente das súas decisións.

A continuación, transcribe a proposta que, textualmente, dí:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACTUACIÓNS SOBRE O SERVIZO DE SALMENTO E CONTRA INCENDIOS COMARCAIS.**

A decisión da Xunta e a Deputación Provincial para establecer no Concello de Cervo o servizo de salvamento e contra incendios comarcais, non respecta os acordos adoptados inicialmente polos Plenos municipais que aprobaron os Estatutos do Consorcio que daba cobertura e sentido ao servizo citado.

A decisión adoptada dí basearse en motivos técnicos, pero a pesar do tempo transcorrido, non houbo modificación ningunha que xustifique o cambio dos criterios técnicos, que por certo no momento de realizar esta proposta descoñecemos o estudo que se nos vai a enviar.

Sen ánimo de rebater tecnicamente aquilo que descoñecemos, o que si xa podemos determinar e que:

- O ratio máximo de tempo no desprazamento que é necesario cumprir, non é posible se o servizo de salvamento e contra incendios comarcais se establecese no Concello de Cervo, con respecto a Vicedo e Oulol.
- Dos Concellos que conforman o consorcio na actualidade, os únicos polos que transcorren os camiões de mercadoría perigosa polo medio dos núcleos



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

urbanos, son os de Xove, Oourol, Vicedo e Viveiro. Mentres que no resto de poboacións dende Barreiros a Burela discorren por estrada que non atravesa ningún núcleo urbano.

- Que Viveiro ten un casco histórico que polas características dos mesmos, ten un alto risco ante un incendio e/ou catástrofe, tanto a nivel humano, económico, cultural e histórico con consecuencias irreparables.
- O terreo no cal estaba previsto o emprazamento do servizo en Celeiro, está situado fronte á base de Salvamento Aéreo mediante helicóptero. Ademais de que xa se solicitou unha lancha de salvamento con base en Celeiro.

É moi difícil de entender que se adoptase esta decisión, que dín, foi de carácter técnico sen consultar, nin comentar con todas as Alcaldías afectadas antes de tomar unha decisión tan transcendente para os cidadadáns desta Comarca da Mariña Occidental.

Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno adopte o seguinte acordo:

Requirir á Xunta de Galicia e a Deputación Provincial respecten o acordo inicial de emprazamento do que viña reflectido nos Estatutos, aprobados inicialmente, do servizo de salvamento e contra incendios comarcais no seu artigo 4º que establecía a ubicación no Concello de Viveiro.

Unha vez esta Corporación Municipal reciba o estudo técnico no que se basea a decisión de modificar o emprazamento previsto, realice as alegacións que permitan restablecer o respecto ás decisións adoptadas con anterioridade pola maioría dos Concellos afectados e, solicitar unha entrevista co Presidente da Xunta de Galicia co fin de restablecer a ubicación prevista.

Convocar aos Alcaldes do Consorcio a unha xuntanza en Viveiro, co fin de aunar esforzos para que se respecte o emprazamento previsto en Celeiro-Viveiro.

No caso de continuar as Administracións que variaron o emprazamento acordado nos Estatutos do Consorcio, no empeño de situar o servizo comarcal de salvamento e contra incendios no Concello de Cervo, este Pleno pronúnciase en contra de participar no novo Consorcio que dea cobertura ao emprazamento en Cervo.”

#### **4º.- ADHESIÓN AO CONVENIO INSERSO-FEMP, DE TELEASISTENCIA PARA MULLERES MALTRATADAS.**

Non se producen intervencións e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda prestar aprobación á dita proposta que transcrita, literalmente, dí:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN AO CONVENIO INSERSO-FEMP DE TELEASISTENCIA PARA MULLERES MALTRATADAS.

A alarma social que causa a violencia doméstica, fai necesaria unha resposta global e coordinada coa implicación das administracións públicas, que adopte as medidas cautelares penais sobre o agresor, aquelas orientadas a impedir a realización de novos actos violentos, así como medidas protectoras que eviten o desamparo das vítimas da violencia doméstica e dean resposta a súa especial vulnerabilidade.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

O Consello de Ministros aprobou, o 7 de maio do 2004, un Plan de Medidas Urxentes para a Prevención deste tipo de violencia.

Unha das medidas incluídas neste Plan foi a de encomendar á Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade, que a través do INSERSO, realizara a cobertura do servizo de Teleasistencia ás vítimas da violencia de xénero que contén con orde de protección, ampliando para proporcionar esta cobertura o Convenio de Teleasistencia asinado coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), do que se derivará o Centro de Atención a Mulleres Vítimas da Violencia, que se financiará integramente polo INSERSO.

Para cumprir este encargo, o INSERSO e a FEMP, tiveron en conta as valiosas experiencias que diferentes organizacións, públicas e privadas, veñen desenvolvendo no campo específico da teleasistencia móbil para mulleres maltratadas, nas que se están utilizando distintos dispositivos de comunicación e localización, dirixidos fundamentalmente a previr agresións, fomentar a confianza das vítimas en se mesmas e favorecer unha vida o máis normal posible de todas aquelas persoas que sufren maltrato ou poidan sufrilo nun futuro.

O modelo de relación coas usuarias basease na profesionalidade, a calidez, a cercanía e a confianza.

No que a actividade principal do servizo, se poderá completar con outras actividades como visitas das usuarias ao Centro de Atención para coñecer as instalacións e as persoas especializadas que a atenden, posibles saídas programadas, previa aceptación das usuarias, para realizar actividades de tipo lúdico e cultural que non supoñerán custo algún, ou charlas sobre temas que lles interesen.

Por todo o exposto, solicito ao Pleno Municipal adopte o seguinte acordo:

1. Solicitar a adhesión desta Corporación ao Servizo de Teleasistencia Móbil para Vítimas da violencia de Xénero INSERSO-FEMP.
2. Remitir este acordo al Instituto de Maiores e Servizos Sociais (INSERSO) e copia da mesma á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)."

Dáse traslado do presente acordo ao Director do Centro de Servizos Sociais, así como á Directora do Centro de Información Municipal da Muller para a súa tramitación.

#### **5º.- PROPOSTA DE NOMEAMENTOS NA FUNDACIÓN PARA A PROTECCIÓN DE DISCAPACITADOS PSÍQUICOS.**

Polo primeiro Tenente de Alcalde e Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, expónse que esta Fundación constituíuse co obxecto de levar asuntos da súa competencia, pero non funcionou ata a data, non obstante, como existen liñas de subvencións ás que se poderían acudir, segundo os pais de alumnos, propón o nomeamento das catro persoas, unha por grupo político ou partido, con representación na Corporación.

A seguir, intervén o Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, dicindo que sí houbo reunións e tivo funcionamento pois solicitáronse subvencións.

Seguidamente, e previa consulta aos Voceiros dos grupos políticos e designación por estes, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete),



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

acorda que os representantes da Corporación para a Fundación de discapacitados psíquicos sexan:

PS de G-PSOE: D<sup>a</sup>. Ana María Basanta Tojo.  
BNG: D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro.  
PP: D<sup>a</sup>. Marta Pérez Lage.  
IU-EU: D. Orlando Expósito Mariño.

Dáse traslado do presenta acordo ao primeiro Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado de Benestar Social.

**6º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde dá conta das Resolucións asinadas dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda darse por informado das Resolucións da Alcaldía.

**7º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA A “DINAMIZAR E DEMANDAR A PARTICIPACIÓN DAS FORZAS POLÍTICAS E DA SOCIEDADE GALEGA NA REDACCIÓN DUN NOVO ESTATUTO PARA GALIZA”.**

Polo Concelleiro proponente da moción dáse lectura da mesma; aberta a quenda de intervencións, prodúcese a da Concelleira do PP, D<sup>a</sup>. Marta Pérez Lage, que da lectura da resposta do seu grupo á dita moción do BNG, que, textualmente, dí:

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR VAI VOTAR EN CONTRA, para rexeitar a moción, polos seguintes motivos:

1º.- O BNG plantexa acometer a refroma do Estatuto a apenas 8 meses das eleccións autonómicas. É evidente que nun prazo tan curto de tempo no é posible facer unha reforma con seriedade e consensuada do Estatuto. O PPdeG considera que o procedente é que cada forza política presente á cidadanía a súa proposta de reforma nos correspondentes programas electorais.

2º.- O BNG, ademáis, delegou a redacción das súa proposta a un Foro (do novo estatuto), que nin tan sequera rematou aínda os seus traballos. As contradicións entre as declaracións de Quintana e as dalgún lider da UPG sobre o Plan Ibarretxe evidencian que o BNG non ten aínda formulada unha proposta propia de reforma estatutaria, polo que resulta aínda máis contradictorio que queren xa poñerse a reformar o Estatuto.

3º.- No fondo, o BNG trata coa moción de distraer a atención sobre o feito de que están en contra da Constitución Europea, e que votarán a favor do Plan Ibarretxe e polo tanto en contra da Constitución Española de 1978. Por iso tamén é contradictorio que defendan para Galicia un acordo de todas as forzas políticas parlamentarias, mentras que apoian a proposta soberanista de Ibarretxe, imposta polos nacionalistas vascos a case a metade da poboación. Parece que se a maioría é nacionalista non fai falla o



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

consenso, pero si a maioría non é nacionalista (como en Galicia) entón é absolutamente necesaria a unanimidade.

4º.- En todo caso o PPdeG, considera que:

- O actual Estatuto é unha gran norma, que nos permitiu acadar os máximos niveis de autogoberno que Galicia tivo na súa historia contemporánea; e que nos sitúan á cabeza en competencias de todas as rexións de Europa.
- Considera que o Estatuto é susceptible de ser mellorado a través da súa reforma, sempre no marco da vixente Constitución Española, co fin de consolidar, avanzar e perfeccionar o noso autogoberno.
- Por iso, o PPdeG incluírá unha proposta de reforma estatutaria no seu programa electoral. Unha proposta que amosará o compromiso do PPdeG co noso autogoberno, pero plenamente constitucional.
- Os nacionalistas galegos nunca votaron a prol das nosas normas institucionais básicas: nin apoiaron a Constitución, nin o Estado, nin votarán a favor da Constitución Europea. Agora expresan o seu desexo de incorporarse a un novo consenso estatutario, o que para o PPdeG sería unha excelente noticia. Expresamos o noso desexo de que sexan capaces de abandonar os seus maximalismos soberanistas e de que, cando rematen a súa proposta de reforma estatutaria, se incorporen desde a lealdade á Constitución ao consenso estatutario, porque sería unha excelente noticia para Galicia.”

A continuación, polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, manifestando que apoian a proposta do BNG, pois a historia non deixou claro quen abandonou a redacción da Constitución por considerar que desmbraba ao Estado e atóponse de acordo con que se redacte un Estatuto novo coa máxima participación, dada a necesidade de renovar o existente.

A seguir, polo Voceiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, se manifesta que está de acordo e non considera anti constitucional sentarse para falar.

Nunha nova intervención, o Sr. Rodríguez Guerreiro, dí que xa lle estrañaba que non saíra Ibarretxe, precisamente ten que dicir que o dito Plan non se chama o Plan Ibarretxe e indica que xa lle gustaría a el que Manuel Fraga defendera ao seu país no Parlamento como o fixo o Sr. Ibarretxe, citando, a seguir, a Lois Tobío, ao que fixeron caso omiso os gobernantes actuais, sendo como foi o redactor do Estatuto Galego do 36. Continúa dicindo que por iso queren un novo Estatuto e que Galicia teña as competencias que teña que ter, mentras que outros, dí, que votan en contra do Título 8ª da Constitución, eles o que queren e poñerse ao nivel doutras comunidades como: Cataluña e o País Vasco.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría de nove votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU) e oito en contra (PP), acorda prestar aprobación á dita moción que, textualmente, dí:

“O debate sobre o modelo de Estado e sobre a súa reformulación está definitivamente aberto e ocupa boa parte da actualidade política e mediática. Como





Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

galegos e galegas podemos asistir como simples espectadores a esse debate, pero tamén podemos asistir como protagonistas, coas nosas propias propostas e demostrando que pode e debe haber unha vía galega para a transformación positiva, construtiva e dialogada.

De cómo se resolva este debate depende de que Galiza teña ou non as ferramentas que precisamos para construír a Galiza do século XXI: a Galiza do benestar, das ideas e das oportunidades para todos e todas. E para que Galiza saia con ben deste reto é necesario institucionalizar unha nova cultura política respetuosa co pluralismo, na que todos temos moito que aportar, sen exclusións e sen prexuízos, e nese empeño os concellos galegos deben ter un gran protagonismo.

O actual marco estatutario concibiuse como un punto de partida para o desenvolvemento dinámico do autogoberno e das institucións galegas. Neste nove tempo político o BNG quere impulsar un desenvolvemento leal do marco competencial en beneficio do autogoberno, estipulando un novo marco económico baseado na autonomía fiscal e financeira, garantindo máis compromiso do Estado con Galiza e facendo posible máis Galiza no mundo, abrindo novos escenarios competencias que permitan defender os nosos intereses alá onde se deciden.

Galiza non pode agradar. A historia non entende de ritmos electorais e é o momento de asumir coletivamente un plan de traballo para asegurar que Galiza teña o seu papel protagonista na historia e no futuro que nos merecemos.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1. Apoiar a creación no Parlamento galego dunha “Comisión do Novo Estatuto” que nos vindeiros meses, e con independencia dos ritmos electorais, se ocupe de elaborar un documento de bases consensuado. Un decálogo de intencións e compromisos que leve o optimismo e a esperanza á sociedade galega e meta ao noso país no debate estatal.**
- 2. Apoiar institucionalmente o compromiso colectivo dun consenso reforzado para garantir que o Novo Estatuto sexa efectivamente de todas e todos os galegos, comprometéndonos como representantes da cidadanía galega na colaboración co novo Parlamento que zurda das eleccións, que terá a responsabilidade de consensuar o texto definitivo, para que ninguén se sinta excluído e todos nos sintamos parte.**
- 3. Apoiar o obxectivo de someter o Novo Estatuto, unha vez aprobado polas Cortes do Estado tal e como determina o actual estatuto, a unha consulta popular, comprometéndonos a traballar para acadar unha participación masiva nesa consulta na que a cidadanía galega se manifeste dona de si mesma.**
- 4. Comprometermonos, como representantes de distintas forzas políticas, a deixar fora da confrontación electoral o consenso para o Novo Estatuto, traballando dende hoxe nun texto de consenso sen intrferencias foráneas.”**



**8º.- ASUNTOS URXENTES.**

Polo Sr. Alcalde, antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, de conformidade co disposto no artigo 91.4, do R.O.F, maniféstase a súa intención de someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, uns asuntos que non figuran na Orde do día da Sesión, que son os seguintes:

**8.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACTUACIÓNS SOBRE BONIFICACIÓN DE LICENZA PARA OBRAS DE REHABILITACIÓN.**

**8.2.- PROPOSTA SOBRE PLANOS ARQUEOLÓXICOS NA FINCA CHAMADA DE “CALVO SOTELO” DE PROPIEDADE MUNICIPAL.**

**8.3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE AS OBRAS QUE VÉN REALIZANDO A DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA ESTRADA DE RÚA NOVA A BRAVOS AO SEU PASO POR GALDO.**

**8.4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ENCLAVE ARQUEOLÓXICO DE AREA.**

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda a inclusión na Orde do día de dito asunto.

**8.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACTUACIÓNS SOBRE BONIFICACIÓN DE LICENZA PARA OBRAS DE REHABILITACIÓN.**

Polo Sr. Alcalde exponse que no caso das licenzas de obra do casco antigo, propónse a bonificación do 90% e, a seguir, da lectura da proposta.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese, en primeiro lugar, a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, dicindo que a filosofía do convenio de casco histórico é que a aportación do Concello sustanciárase a través da bonificación da licenza e solicita que se comprobe, pero manifesta que votarán a favor.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda:

**PRIMEIRO.- Aprobar á dita proposta que, textualmente, dí:**

“Proposta da Alcaldía de actuacións sobre bonificación de licenza para obras rehabilitación.

Ante a información facilitada pola Oficina de Rehabilitación que dí:

1. Que non temos asinado convenio de rehabilitación para este exercicio, non sendo a única Oficina de Rehabilitación que está nesta circunstancia, xa que



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

falando cos responsables doutras oficinas non se ten coñecemento de cando se vai a levar a cabo esta sinatura.

2. Que temos unha lista de espera de solicitudes de subvención pendentes para incluír no seguinte Convenio. Ditos expedientes están á espera de solicitar licenza de obra e atopámonos ca dúbida de se facer bonificación na licenza de obra (a bonificación só se aplica ás vivendas incluídas no Plan de Rehabilitación).
3. A Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro entende que se non hai Convenio e fase onde incluír estas actuacións que están en lista de espera, non podemos asegurar a súa inclusión no Plan de Rehabilitación.
4. Queremos saber se podemos facer a bonificación de licenza de obra, ou polo contrario se se debe cobrar a taxa de licenza íntegra ata que asinemos o novo Convenio. Sería nos casos en que a a solicitude de licenza de obra para actuacións de rehabilitación, por desexo do promotor, sexan inmediatas, é dicir, antes de asinar o Convenio.

Polo anteriormente exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno adopte o seguinte acordo:

O Pleno municipal acorda aplicar a bonificación de licenza de obra para actuacións de rehabilitación, que comecen antes da aprobación do Convenio de Rehabilitación, e que sexan informadas favorablemente pola Oficina Municipal da Área de Rehabilitación-“

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Obras e urbanismo, Intervención e Oficina de Rehabilitación do Casco Antigo.

**8.2.- PROPOSTA SOBRE PLANOS ARQUEOLÓXICOS NA FINCA CHAMADA DE “CALVO SOTELO” DE PROPIEDAD MUNICIPAL.**

O Sr. Alcalde da lectura da proposta e explica a situación coa que se atopou o Arqueólogo ao facer as catas.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda prestar aprobación á dita proposta que, textualmente, dí:

**“Proposta da Alcaldía sobre os danos arqueolóxicos na finca chamada de “Calvo Sotelo” de propiedade municipal.**

Ao realizar as catas arqueolóxicas solicitadas pola Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia na finca de “Calvo Sotelo” de propiedade municipal, ademais de atopar importantes referencias arqueolóxicas, se detectou que se violentou o subsolo, obxectivo das catas mediante movementos de terra e a construción de elementos en cemento.

Polo antes exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno adoptou os seguintes acordos:



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

**1º.- Requirir información á Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia, que actuacións realizou e, no seu caso, os informes e dictames emitidos.**

**2º.- Apertura dun expediente informativo sobre as actuacións, permisos ou acordos realizados polo Concello de Viveiro, co fin de determinar as responsabilidades dos danos realizados ao patrimonio histórico deste Concello.**

**3º.- Dito expediente será coordinado e informado pola Comisión Informativa de Obras, que deberá emitir o dictamen para a resolución do mesmo polo órgano competente..”**

Dáse traslado do presenta acordo ao departamento de Obras e urbanismo.

**8.3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA QUE VÉN REALIZANDO A DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA ESTRADA QUE VAI DA RÚA NOVA A BRAVOS, AO SEU PASO POR GALDO.**

Polo Sr. Alcalde dáse lectura da proposta e, a seguir, polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, maniféstase que xa nun Pleno preguntou ao Sr. Alcalde se tiña coñecemento desa obra.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda prestar aprobación á dita proposta que, textualmente, dí:

**“Proposta da Alcaldía sobre as obras que vén realizando a Deputación Provincial na estrada que vai da Rúa Nova a Bravos, ao seu paso por Galdo.**

**Esta Alcaldía propón ao Pleno adopte o seguinte acordo:**

1º.- O Pleno municipal acorda solicitar á Deputación Provincial a conclusión inmediata das obras que vén realizando dende hai máis dun ano, na estrada que vai da Rúa Nova a Bravos, ao seu paso por Galdo, tendo en conta que a execución da mesma está sendo un suplicio para os veciños do Concello.

2º.- Solicitar información á Deputación Provincial de quen deu a orde o se estaba no proxecto a colocación de canos que van cara ao río por debaixo dos tramos “feitos” e que verten augas residuais.”

Dáse traslado ao departamento de Obras e urbanismo para a súa tramitación.

**8.4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ENCLAVE ARQUEOLÓXICO DE AREA.**

O Sr. Alcalde da lectura da proposta, e a seguir, ábrese a quenda de intervencións, producíndose, en primeiro lugar, a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, dicindo que eles xa o solicitaron hai anos, polo que están de acordo coa proposta.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

A seguir, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dí que hai unhas cintas de plástico en Fontecoba pechando a zona; polo que lle pide que o inclúa aínda que non estea na Costa.

O Sr. Alcalde resposta que non ten inconveniente en traelo a outra sesión plenaria pero que non se poden mesturar ambas cousas.

Finalmente, o Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, intervén para dicir que conviría priorizar e que sería conveniente se a Dirección General de Costas puidera executar as obras, pero se se inclúen outras obras podería distorsionarse esta proposta.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a dita proposta que, textualmente, dí:

**“Proposta da Alcaldía sobre o enclave arqueolóxico de Area.**

No libro “Viveiro e as súas antigas murallas” J. Miguel Novo recolle o seguinte:

**...”O máis probable é que os muros de Area pertencesen a unha vila altomedieval, a vila de Area que se cita nun documento de 29 de maio do ano 877, reinando Alfonso III O Magno (866-910). Se así fora, as ruínas de Area poden constituir un enclave arqueolóxico de importancia para o coñecemento material do que son as vilas na Alta Idade Media, un tema este relativamente ben estudado na documentación da época, pero moi mal coñecido no seu contido arqueolóxico.**

Mención especial merecen as ruínas de Area, pola súa proximidade a Viveiro e porque poden ter grande importancia” ...

A Corporación municipal non pode esquecer esta importante referencia da nosa historia, nin perder de vista a aportación cultural a todo o legado histórico que temos. É, polo tanto, unha obriga recuperar e poñer en valor dito enclave arqueolóxico.

**Esta Alcaldía propón ao Pleno adopte o seguinte acordo:**

Solicitar á Dirección General de Costas del Ministerio de Medio Ambiente e á Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia, as axudas económicas e permisos necesarios para acometer as obras de recuperación do enclave arqueolóxico de Area.”

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ao departamento de Obras e urbanismo para a súa tramitación.

**9º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Aberta a quenda de rogos e preguntas, prodúcese, en primeiro lugar, a do Concelleiro do PP, D. Antonio José Bouza Rodil, que formula a seguinte pregunta:



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

- A un determinado grupo de alumnos de Covas recomendouelles ir a outros colexios ¿quen pagou o transporte? ¿con cargo a que partida?.

Polo Sr. Alcalde respóndase que debe dirixirse á Xunta de Galicia, pois o Concello non ten competencia en temas educativos. Engadindo o primeiro Tenente de Alcalde e Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, que ese asunto se tratou no Consello Local Municipal coa Inspectora, D<sup>a</sup>. Concepción Aramburu.

A seguir, polo Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

1º.- A licenza que se outorgou condicionada para a obra da fábrica de curtimento ¿as ditas condicións permiten iniciar as obras? ¿hai que esperar a que se resolvan as tramites que se atopan pendentes?.

Polo Sr. Alcalde se contesta que hai dúas solicitudes de licenza, una para vivenda e outra para fábrica. Unha destas require, ademáis, da tramitación do expediente de actividade clasificada. O promotor está riquirido de paralización, pero moralmente ten que dicir que non está de acordo, xa que esa empresa pode perder a subvención do Proder senon acredita a existencia de licenza.

Polo Voceiro do PP insístese na pregunta formulada, engadindo que non se lle malinterprete pois el mesmo foi para que se lle dera a ese promotor unha subvención de trinta e seis millóns de pesetas.

Polo Sr. Alcalde respóndeselle que a tramitación estase a facer e que se conta cun informe favorable da Xunta de Galicia.

2º.- ¿Vén con frecuencia ao Concello o anterior Interventor municipal e fai algún traballo? ¿con cargo a que partida se lle paga?.

Respóndeselle polo Sr. Alcalde que estivo o luns para ter copia dunhas actas e da citación recibida polo Concello para comparencia daquel, como testemuña, no Xulgado de Instrucción de Viveiro E que non percibiu cantidade algunha a partir da súa marcha ao Concello onde se atopa destinado.

O Sr. Aja Mariño insiste que tamén veu o día 4 de xaneiro do 2005, o Sr. Alcalde resposta que pode vir sempre que o desexe.

A continuación, polo Tenente de Alcalde, D. Rafael Luis Fernández Amor, roga que se informe no próximo Pleno se consta no Concello documentación acreditativa de pagamentos realizados a membros da Corporación por servizos ou subministros prestados, desempeñando o cargo de concelleiros.

Nese momento intervén o Concelleiro do PP, D. José Joaquín Ganos Roca, dicindo que se sinte aludido polas palabras ditas polo Concelleiro do PS de G-PSOE, ao que o Sr. Alcalde-presidente dílle que as preguntas non xeran intervencións, protestando, neste intre, ao que intervén o primeiro Tenente de Alcalde, Sr. Rodríguez



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Guerreiro, para sinalar que ao tratarse de rogo está permitido o debate e que o confirme a Sra. Secretaria, ratificándoo esta e autorizando o Sr. Alcalde a intervir ao Sr. Concelleiro do PP citado que dí:

“Dada la referencia previa del periódico, aunque aludido, no me siento afectado ni zaherido, pero evidentemente quiero contestar lo que me toca.

Con carácter previo: Aunque pueda parecer tarde, aprovecho el momento para agradecer a la Corporación municipal 83-87 el acuerdo unánime, subrayo unánime, de nombrar un Abogado de Vivero para la defensa de todos los casos del Ayuntamiento, por la obvia razón de que en aquel momento se trataba de mi padre.

Por lo que se refiere al asunto, señalar que cuando la oposición controla al Gobierno estamos en un régimen democrático; cuando es el Gobierno quien acosa a la oposición nos hallamos ante una dictadura. Ya lo decía un autor al que la izquierda quiere hacer propio, “cuando se prefiere la demagogia a los principios morales, la democracia desaparece”. Se manifestaba en la Grecia clásica y se trataba nada menos que de Platón.

Es incierto que un único Abogado, no en Vivero, sino de Vivero, llevase los asuntos judiciales de la Corporación. Sin ánimo exhaustivo: Don Francisco Centeno Márquez, Don Arsenio Cristóbal y Fernández Portal, Don Carlos Martínez, etc.

Tratándose, en cada juicio, de un contrato de arrendamiento de servicios, basado en una especial relación de confianza, como señala el Tribunal Supremo, el hecho de que el contestante hubiera llevado todos los casos del Ayuntamiento no sería nada raro, aunque ya he manifestado que no ha sido así, en el punto anterior.

El derogado Reglamento de Contratación de las Corporaciones Locales, de 1953, la Ley Orgánica de Régimen Electoral General y otras disposiciones, han prohibido, desde siempre, la presentación como candidato al cargo de concejal al Abogado y Procurador que mantuviese asuntos en contra del Ayuntamiento. Es pues causa de inelegibilidad.

Hoy es también incompatible el arrendamiento de servicios de concejales al Ayuntamiento, cuestión de la que verbalmente me informó en su día la Sra. Secretaria, aquí presente, cumpliendo el exponente escrupulosamente con tal prohibición.

Y, aunque ya sabemos que “la complacencia hace amigos, la verdad engendra odios”, ante lo que en términos médicos se denomina parálisis cerebral ateoide .... que nada tiene que ver con ateo, sino que significa incapacidad para controlar la lengua, por parte de quién efectúa el ruego, a mi también me gustaría formular dos cuestiones: ¿Tiene ya el equipo de gobierno informe jurídico sobre la prestación de servicios o suministros del bar Amor al Ayuntamiento?, ¿Se ha dado orden de no seguir contratando con tal establecimiento?.”

Polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, se formulan os seguintes rogos e preguntas:



1ª) Roga se lle indique como están xestións do futuro xeriátrico de Viveiro?

O Sr. Alcalde lle responde que exactamente igual que os dezanove dos vinte xeriatricos aprobados pola Xunta de Galicia, e que se atopan pendentes da sinatura do acordo aprobado por Caixa Galicia, xa que, indica, o único que está a funcionar é o da Coruña. Engadindo que no caso do de Viveiro está a modificarse o proxecto.

Intervén o Voceiro do PP, Sr. Aja Mariño, que afirma pasou o día pasou a romería.

Daquela o Voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Guerreiro para contestarlle ao Voceiro do PP que dí que a negociación do Xeriátrico atopábase pechada como a do parador de turismo en Viveiro.

Insiste no seurogo o Sr. Expósito para que se pregunte a Caixa Galicia cando se vai a realizar esta dotación, xa que modifica a ubicación do camping e que se pronuncien; ao que contesta o Sr. Alcalde sinalando que non está de acordo con esixir a esa entidade un pronunciamento, xa que o camping ten posibilidades de funcionamento ata que se inicien as obras.

A seguir, o Concelleiro de IU-EU, Sr. Expósito insiste no rogo feito.

2ª) Roga se miren as feridas feitas nas árbores de Verxeles e tamén os que se atopan cortados.

O Sr. Alcalde resposta que están os servizos de xardinería para realizar as labores propias.

3ª) A estrada de Fontecoba atópase en estado lamentable pola circulación de camiós por ela.

O Sr. Alcalde resposta que pasará o asunto á Policía Local e a Obras.

4ª) ¿Qué ocorre co piso de encima da farmacia que o Concello alleou?.

O Sr. Alcalde resposta que ata o momento que dispoñían dunha vivenda doada para as condicións que ten a persoa que a habita, non se fará a entrega dese piso ao comprador.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as horas e vinte dúas horas e quince minutos, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.